

Texto: **JORGE LUJÁN**

Ilustracións: **PIET GROBLER**

Tradución: **XOSÉ BALLESTEROS**

Encadernado en cartón. 21x26 cm.

32 páxinas en color. Dispoñible en:

-Galego: "Oh, as cores!"

MareMar. ISBN 978-84-8464-737-9

-Castelán: "¡Oh, los colores!"

Libros para Soñar. ISBN 978-84-92608-31-7

-Portugués: "Oh, as cores!"

Livros para Sonhar. ISBN 978-989-8205-44-5

Prezo: 14 €

OH, AS CORES!

DISTINCIÓN THE WHITE RAVENS 2009

SELECCIONADO POLA JUNIOR LIBRARY GUILD



**O beixe
adormiñou na area
de tanto que o arrolou
a marea.**

Jorge Luján repasa a gama cromática con pequenos poemas, asociando cada cor a elementos da natureza, emocións ou sensacións. Os suaves e fluidos versos sobre a azul expansión do ceo, o branco vestido da noite ou os froitos da laranxeira brillando como pequenos soles parecen lixeiros e fráxiles. Textos suxerentes e apelativos, misteriosos e sorprendentes para conmovér os lectores a través da palabra, nunha especie de atmosfera íntima non exenta de chiscadelas de humor.

Así de delicadas, e cun gran poder suxestivo, son as ilustracións en acuarela de Piet Grobler. Colocados contra os fondos de cores fluíntes e pintadas con pincel grosso, poden atoparse filigranados animais, prantas e obxectos: pequenos paxaros e peixes, diminutas bolboretas, flores ou o remo dunha barca, parecen flotar nestas páxinas. Poemas e pinturas xuntos forman un 'todo' harmonioso e crean moito espazo para admirar e para soñar.

JORGE LUJÁN (Córdoba, Arxentina)

É autor de poesía e narrativa. Actualmente reside en Cidade de México e imparte clases na Mestría de Creación Literaria en Casa Lamm e no Colexio Williams. Participa en diversos foros cos seus espectáculos para nenos e o grupo musical Baúl de Luna. Ofreceu cursos e recitais en institucións como as universidades de Columbia e George Washington.

Graduouse como de arquitecto na Universidade de Córdoba (Arxentina); obtivo unha bolsa Fullbright para perfeccionamento no Antioch College de Ohio e realizou unha pasantía cos arquitectos Harrison & Abramovitz en Nova Iorque. Estudou Composición Musical e Cinematografía na Universidade de

Córdoba pero interrompeu os seus estudos polo golpe militar de 1976. Emigrou a México, onde se licenciou con mención honorífica en Lingua e Letras Hispánicas na UNAM.

Recibiu o Premio Arte Editorial 2005, o Premio de Poesía para Nenos 1995 outorgado pola Asociación de Literatura Infantil e Xuvenil Arxentina, dous galardóns ao Mellor Espectáculo Infantil do Ano segundo a Unión de Críticos e Cronistas de México e o Premio Virginia Fábregas en 1992.

PIET GROBLER (Limpopo, Sudáfrica, 1959)

Estudou teoloxía, xornalismo e deseño gráfico; dende hai anos traballa como ilustrador para publicacións de cómic, xornais e revistas a nivel internacional. A súa obra, principalmente enfocada ao público infantil, expúxose en países de Europa e Asia. Ao longo da súa traxectoria recibiu diversos premios: a Medalla Tienie Holloway (Sudáfrica), o Octogone de Chêne (Francia) e o Noma Concours (Xapón). Ilustrou máis de 50 libros, a maioría deles infantís.



- **Temática:** poemas asociativos a partir das cores
- **Idade recomendada:** a partir de 6 anos
- **Aspectos destacables:** distinción The White Ravens 2009; seleccionado pola Junior Library Guild
- **Aplicacións:** natureza; gama cromática